

Estatutos de la Asociación para la enseñanza de la mujer (1889).
Cortesía Arquivo Histórico da Fundación Fernando de Castro — AHFFC.

Fernando de Castro e Concepción Arenal

JUAN JOSÉ MORENO Y CASANOVA

Arquiveiro - Bibliotecario,
Fundación Fernando de Castro — Asociación para la Enseñanza de la Mujer

Téñese escrito sobre D. Fernando de Castro e bastante máis sobre D.^a Concepción Arenal e hai moitos expertos biógrafos nas figuras de ambos. Para o ilustre leonés contamos cos traballos de Ramón Chacón, Rafael Serrano, Franco Díaz de Cerio, José Luis Abellán ou Máximo Carracedo. E para a ilustre ferrolá os de M.^a Campo Alange, Anna Caballé, Manuela Santalla ou M.^a José Lcalzada. Como Arquiveiro – Bibliotecario da Fundación Fernando de Castro – Asociación para la Enseñanza de la Mujer, levo bastantes anos custodiando, organizando e, sobre todo, mimando e admirando a documentación que na nosa Fundación conservamos de Castro e sobre todo dunha das súas principais creacións, a Asociación para la Enseñanza de la Mujer.

Por iso, a presidenta da nosa Asociación, D.^a Trinidad Muñoz-Yusta y del Álamo animoume a escribir estas cuartillas. E por iso as liñas que a continuación aparecen cingúirse ás relacións persoais entre os dous e a comentar con brevidade uns documentos e obxectos que a nosa institución conserva.


Non hai dúbida de que ambas as personalidades compartían un cristianismo sincero, un amor ao próximo reflectido tanto nos seus textos como nos seus logros sociais, o seu carácter austero e humilde, a súa modestia ata as últimas consecuencias.

Dende o punto de vista cronolóxico, o primeiro que comentaremos son as *Conferencias Dominicales*. Cando Castro foi nomeado reitor da Universidade Central en outubro de 1868, decide aplicar as súas doutrinas krausistas ás aulas e á organización universitaria. Entre outras medidas,

promove a liberdade de cátedra, o intercambio de información entre as universidades españolas, o coidado da calidade externa e interna das publicacións da Central, ou que o persoal subalterno das facultades (mozos, bedeis ou conserxes) soubesen ler e escribir.

E tamén abre as portas da Universidade ás mulleres. Como o fixo? El, como reitor, non podía cambiar a realidade do acceso libre feminino ás aulas, pero si que as mulleres comezaran a participar nas ensinanzas que alí se impartían. E así foi como Castro organizou as *Conferencias Dominicales sobre la Educación de la Mujer*, un ciclo de conferencias impartidas por el e por personalidades do seu contorno como Rafael M.^a de Labra, Segismundo Moret, Emilio Castelar, Francisco Pi y Margall, José de Echegaray ou Francisco Asenjo Barbieri, entre febreiro e maio de 1869, e que trataban diferentes aspectos da realidade feminina. A estas *Conferencias Dominicales* asistiu certo número mulleres, distinguidas, cultas, ansiosas de coñecemento, e entre elas D.^a Concepción, que as comentou en detalle e intelixencia e as recolleu no seu *La mujer del porvenir*. Entusiasta, Arenal afirmaba que «cuando en los siglos venideros escriba un filósofo de la historia del progreso en España, citará, acompañándola de reflexiones profundas, una fecha. El 21 de Febrero de 1869».

Conservamos o listado manuscrito orixinal das conferencias, que non parece que sexa letra de Castro senón seguramente dalgún dos seus axudantes, así como varios exemplares das mesmas, entre elas da 9.^a Conferencia «Influencia de las Ciencias Económicas y Sociales en la Educación de la Mujer», de Gabriel Rodríguez.



Conferencias Dominicales no Paraninfo da Universidade Central de Madrid (1869). Cortesía AHFFC.


O éxito destas conferencias, que foi o evento cultural de Madrid neses meses, animou a Castro e aos seus colaboradores e amigos a crear algo máis estable, máis duradeiro a favor da educación e formación da muller no noso país. E así, en decembro dese ano 69 Fernando de Castro pronunciou na Universidade Central o discurso de apertura da Escuela de Institutrices, que era unha das poucas saídas profesionais da muller española daquel momento. Ao ano seguinte (1870), coincidindo co exame na Universidade Central da 1.^a promoción de Institutrices, feito que foi revisado por Arenal no Boletín Revista de la Universidad Central, Fernando de Castro crea a Asociación para la Enseñanza de la Mujer (AEM), que incluía esta Escuela de Institutrices e outras escolas que se crearán despois do falecemento de Castro en 1874.

Nos Estatutos da AEM, na edición de 1889, recóllese no seu art. 3 que a Asociación «Tiene por objeto contribuir al fomento de la educación e instrucción de la Mujer, y al mejoramiento de su condición individual y social en todas las esferas de la vida». Tamén presentamos un Programa


ou prospecto dos que cada ano emitía a Asociación, coas ensinanzas impartidas no curso 1881-1882. Aparecen a Escuela de Institutrices (1869), a Escuela de Comercio (1878) e a Escuela de Telegrafía (1881), co claustro docente, os horarios e as matrículas, estas bastante accesibles xa que o profesorado, ou non cobraba ou apenas cobraba unha gratificación. Este foi o gran éxito da Asociación: docencia de máxima calidade a prezos moi reducidos.

A Asociación para la Enseñanza de la Mujer foi pioneira en moitos aspectos relacionados coa educación da muller en España (novidades pedagóxicas, plans de estudio, organización das clases e os espazos, etc.). Entre estas aportacións encóntrase a Escuela de Telegrafía, primeira e durante moito tempo única no noso país. En 1880 a muller puido incorporarse ao Corpo de Telégrafos aínda que en principio só as irmás, fillas ou esposas de telegrafistas masculinos e en tarefas de auxiliares.

Rapidamente e atenta a calquera físgoa profesional feminina, a AEM creu no seu seo esta Escuela de Telegrafía no curso 1881-1882, e no



Programa do curso académico da AEM (1881-1882).



Listado de socios da AEM (1880). Cortesía AHFFC.



82-83 saíu a 1.^a promoción de sete telegrafistas. Nela ensinábanse materias como gramática, caligrafía, francés ou telegrafía práctica. Como mostra un emisor morse destas clases de telegrafía, así como un elemento curioso de material das clases: un repartidor de tinteiros. Este é unha estrutura de madeira onde se colocaban os tinteiros de porcelana. Cada mañá unha alumna encargábase de encheiros de tinta e repartilos entre as súas compañeiras, que tomaban un e colocábano no orificio que había nos pupitres.

Dende os inicios da AEM en 1870, que xa cumprimos 150 anos, Concepción Arenal quixo colaborar neste apaixonante, pioneiro e innovador proxecto de Castro. Do seguinte ano 1871 conservamos nos nosos Arquivos un recibo de D.^a Concepción como socia da Asociación para o sostemento da Escuela de Institutrices, que era o nome primitivo da AEM. Arenal pagaba unha cota de 4 reais mensuais e figuraba como residente na rúa Dos Amigos n.º 10, moi preto da Universidade Central da rúa de San Bernardo. Está firmado por autorización por Francisco Giner de los Ríos. Tamén presentamos un listado

impreso cos membros da Asociación en 1880 onde figura Concepción Arenal. A última noticia que atopamos nos nosos arquivos da pertenza de D.^a Concepción á AEM é do ano 1887, estando entón domiciliada na praza de Oriente n.º 8, e abonando a mesma cota mensual de 1 peseta.

Por iso, as relacións de Arenal coa AEM non se limitaron ao período no que Castro estaba vivo e a presidía, senón que despois do seu falecemento, con D. Manuel Ruiz de Quevedo na presidencia, tamén seguiu vinculada a este centro feminino de educación.

Castro e Arenal coincidiron noutra institución, o Ateneo Artístico y Literario de Señoras, entidade efémera pero de grande interese. Creada en decembro de 1868 pola escritora Faustina Sáez de Melgar, segundo o art. 1 dos seus Estatutos era «...una asociación de enseñanza universal, artística, literaria, científica, religiosa y recreativa que se propone instruir a la mujer en todos los ramos de una educación esmerada y superior, para que por sí misma pueda instruir y educar a sus hijos, haciéndolos buenos ciudadanos y escelentes padres de familia».



Testamento e Memoria Testamentaria de Fernando de Castro (1874). Cortesía AHFFC.

D.^a Concepción foi unha das súas directivas mentres que o reitor Castro lle brindou o seu apoio e pronunciou as conferencias de apertura e clausura do 1º curso 1868-69.

Tamén uniron os seus nomes na revista de beneficencia por excelencia: *La voz de la Caridad*. Esta publicación quincenal foi creada por Arenal en marzo de 1870 e publicou o seu último número en febreiro de 1884. Dirixida por Antonio Guerola, D.^a Concepción publicou varios centenares de artigos sobre pauperismo, mulleres, escravos, alcoholismo, situación dos presos, mundo obreiro, vivendas sociais, etc. Cando falece Castro en maio de 1874, no número 101 da revista agradece a axuda inicial proporcionada pola súa amiga a condesa de Mina e camareira maior de Sabela II D.^a Juana de Vega «...y el Sr. D. Fernando de Castro, que acaba de morir. *La Voz de la Caridad* le debe un recuerdo de gratitud como a uno de sus fundadores y como a quien ha cooperado eficazmente a cuantas obras buenas ha intentado o podía realizar».

Probablemente o obxecto máis valioso historicamente falando, que neste sentido posuímos é o *Testamento e Memoria Testamentaria do Sr. D. Fernando de Castro*. Este documento foi outorgado ante o notario do Colexio de Madrid D. Román Gil y Masegosa o 1 de maio de 1874, estando en cama e enfermo na súa casa da rúa Leganitos, 33. Comeza revocando o testamento que fixo o 30 de maio de 1857, engade que tan válido é o Testamento como a Memoria Testamentaria, nomea tamé aos seus testamenteiros (Jerónimo Antón Ramírez, Cipriano de Rivas, Manuel Ruiz de Quevedo, Nicolás Salmerón, Juan Uña, Francisco Giner de los Ríos, José Fernando González, Manuel Sales y Ferré e Gumersindo de Azcárate) e exhorta a que todo se cumpra fielmente.

A Memoria Testamentaria é a parte filosófica, a parte espiritual. Fernando de Castro fai manifestación do seu claro e sincero cristianismo e do seu afastamento final da Igrexa. Se foi un sincero e ortodoxo capelán católico cando desempeñou este cargo xunto a S. M. D.^a Sabela II, ao final da súa vida Castro apostara por unha nova Igrexa Universal. Tras moitas dúbidas, crises de fe e atormentadores problemas espirituais, Castro facía bandeira desta nova Igrexa Universal que defendese a pureza do cristianismo evanxélico das primeiras épocas, e que rexeitase todo o

romanismo, a aparatosidade oficial e as prácticas só exteriores da Igrexa de Roma.

Castro, enterrado no Cementerio Civil de Madrid, pedira que o acto se levase a cabo sen acompañamento do clero, nin misas nin cerimoniais, que o seu féretro fose portado polos mozos da Universidade, e que os seus testamenteiros e amigos lesen o *Sermón da Montaña e a Parábola do Bo Samaritano*, así como os *Mandamentos da Humanidade do seu mestre Sanz del Río*.

Pola súa parte, o Testamento é a parte material, o que deixa Fernando de Castro en función das súas vinculacións persoais. A unhas cantas persoas, sobre todo do seu entorno familiar e doméstico, deixoulles diñeiro en efectivo, mobles e aveños. Estableceu tamén axudas económicas sen detallar para algunha familia pobre do seu natal Sahagún, a frades franciscanos exclaustrados en memoria e recordo do seu propio pasado, así como a entidades presididas por el nese momento, en especial á AEM.

Os libros da súa biblioteca foron repartidos entre os seus testamenteiros, a Biblioteca del Seminario de León, a Biblioteca Provincial tamén de León e a Biblioteca de la Universidad Central, mentres que os dereitos de autor das súas obras legoullos aos seus testamenteiros Uña, Giner e Sales. Creou dous premios en metálico a entregar cada cinco anos a obras inéditas sobre temas históricos. Mención especial tivo en recordo á raíña Sabela II deixándolle exemplares dalgunha das súas obras «...en agradecimiento de haber sido su Capellán de Honor y de haberla servido con celo y lealtad». Os seus testamenteiros decidiron que obras en concreto se lle entregarían á exiliada raíña, meticulosamente encadernadas e coas iniciais da monarca. Isto desminte a falsa crenza que circulou durante moito tempo sobre as malas relacións entre D. Fernando e D.^a Sabela. A pesar da abismal diferenza de caracteres, comportamentos públicos e privados, e formación cultural, a bondade natural e o bo corazón de ambos uniunos malia as circunstancias políticas e históricas da época.

Algúns dos obxectos de especial valor sentimental tamén os repartiu: a Nicolás Salmerón a pluma de ouro que lle entregou o Concello de Bilbao, a Jerónimo Antón Ramírez un reloxo e á súa esposa un crucifixo.

Na páxina 7v deste Testamento podemos ler con emoción «sea de mis libros, sea de mis enseres y muebles, mis testamentarios elegirán algo que convenga a la señora D.^a Concepción Arenal como respeto a su talento y sentimientos caritativos y humanitarios, y en memoria de amistad». Castro quería que algo que fora do seu uso persoal tamén fose utilizado pola súa gran amiga, algo de valor sentimental e non tanto material. D. Fernando confiaba en que os seus testamenteiros fixesen unha acertada elección. E así foi.

Para a xestión da Testamentaría de Fernando de Castro, os testamenteiros reuníanse de forma periódica e dar así cumprimento da vontade do finado. Os acordos desas xuntas eran recollidos nun Libro de Actas. Na Xunta do 12 de maio de 1874 ditos testamenteiros detallan en concreto que se ía a entregar a Arenal. E así deciden ofrecer a D.^a Concepción «...la cartera de la mesa, el sello de ébano, la papelera de caoba, todo de uso de D. Fernando, y una medalla de bronce grabada por Pescador, que contiene el busto de D. Salustiano de Olózaga».

Pouco despois, na Xunta do 24 de maio infórmasse que se fixo entrega a Arenal de ditos obxectos, e na do 5 de xullo o secretario Juan Uña, deu «lectura a la carta de D.^a Concepción acusando recibo de los objetos legados por el testador».

Da carteira, o selo e a papeleira non temos máis novas, pois esta descrición é moi vaga. Pero afortunadamente da medalla si podemos concretar algo máis. Trátase dun exemplar de bronce de 55 gr de peso e 45 mm de diámetro acuñado en 1868. Foi deseñada esta medalla polo escultor e gravador Eduardo Fernández Pescador (1836-1872), autor academicista de prestixio na época e responsable doutras medallas dedicadas a Sabela II, Martínez de la Rosa ou José de Madrazo.

Presenta no seu anverso o busto do prócer liberal á dereita, a lenda SALUSTIANO DE OLOZAGA e na parte inferior o nome do artista FERNANDEZ. No reverso unha coroa de follas de carballo e no seu interior a lenda NACIO EN OYON RIOJA ALAVESA VIII JUNIO MDCCCV.

E é que as relacións entre Olózaga e D.^a Concepción foron estreitas e prolongadas no tempo. Uníanos os seus ideais comúns de liberalismo e non tanto a súa militancia política. Nula na ferrolá e absoluta no alavés. Non hai que esquecer que sendo Salustiano de Olózaga presidente da

Sociedad Abolicionista Española en 1866 (Fernando de Castro foino entre 1870 e 1874), Arenal gañara un premio literario convocado por esta co poema «Oda a la esclavitud». De igual maneira o político liberal eloxiara ampla e sinceramente obras de Concepción Arenal como *Beneficencia, filantropía y caridad* (1861) ou *Manual del visitador del pobre* (1866).

Moi curiosamente e en paralelo, cando Olózaga falece en París en 1873 encarga aos seus testamenteiros que repartan algunha das súas pertenzas entre persoas do seu aprecio, entre elas as súas vellas amigas a condesa de Mina e Concepción Arenal.

E por último pero non por iso menos importante, queremos presentar un retrato de Fernando de Castro y Pajares (1814-1874). Trátase dun óleo sobre lenzo pintado en 1881 por Adela Ginés y Ortiz (1845-1918). A obra que se encontra na Sala de Presidentes da nosa Fundación. O certo é que, sen dúbida debido ao seu carácter modesto, de D. Fernando non se conservan demasiadas imaxes. Nós posuímos un busto de escaiola, tamén de Adela Ginés, outro lenzo cuxo autor é Díez, así como dúas fotografías do estudo donostiarra de Valentín Marín.

A autora, Adela Ginés, é un claro exemplo da política que seguiu sempre AEM. E é que algunhas antigas alumnas, as mellores e máis comprometidas cos ideais de Castro, podían entrar a formar parte do claustro de profesorado. Adela obtivo o título de institutriz en 1875, nunha das primeiras promocións, e entre 1881-1901 e 1908-1911 exerceu na Asociación o posto de profesora de pintura, debuxo e modelado ao xeso. Tamén fora profesora nesas mesmas materias na Escuela de Artes y Oficios e na Escuela Normal Central de Maestras. De igual maneira, alí obtivera varios premios en pintura e escultura nas exposicións nacionais de Belas Artes.

A través deste percorrido por obxectos e documentos dos fondos da Fundación Fernando de Castro-AEM, que parecen fríos e sen alma, son porén o fiel reflexo dunha amizade sincera, estreita e profunda, de gran admiración mutua pero sen grandes manifestacións, coñecido o carácter de ambos, pero tan entrañable como firme. Creemos que é a forma máis gráfica, máis visual e máis atractiva para facer o relato histórico sobre as relacións entre D.^a Concepción Arenal e D. Fernando de Castro.

Fernando de Castro y Concepción Arenal

JUAN JOSÉ MORENO Y CASANOVA

Archivero - Bibliotecario, Fundación Fernando de Castro — Asociación para la Enseñanza de la Mujer

Se ha escrito sobre D. Fernando de Castro y bastante más sobre D.^a Concepción Arenal y hay muchos expertos biógrafos en las figuras de ambos. Para el ilustre leonés contamos con los trabajos de Ramón Chacón, Rafael Serrano, Franco Díaz de Cerio, José Luis Abellán ó Máximo Carracedo. Y para la ilustre ferrolana los de M.^a Campo Alange, Anna Caballé, Manuela Santalla o M.^a José Lacalzada. Como Archivero – Bibliotecario de la Fundación Fernando de Castro – Asociación para la Enseñanza de la Mujer, llevo bastantes años custodiando, organizando y sobre todo mimando y admirando la documentación que en nuestra Fundación conservamos de Castro y sobre todo de una de sus principales creaciones, la Asociación para la Enseñanza de la Mujer.

Por eso la presidenta de nuestra Asociación, D.^a Trinidad Muñoz-Yusta y del Álamo me ha animado a que escriba estas cuartillas. Y por eso las líneas que a continuación aparecen se ceñirán a las relaciones personales entre los dos y a comentar con brevedad unos documentos y objetos que nuestra institución conserva.

Qué duda cabe que ambas personalidades compartían un sincero cristianismo, un amor al prójimo tanto plasmado en sus textos como en sus realizaciones sociales, su carácter austero y humilde, su modestia hasta las últimas consecuencias.

Desde el punto de vista cronológico, lo primero que comentaremos son las *Conferencias Dominicales*. Cuando Castro es nombrado rector de la Universidad Central en Octubre de 1868 decide aplicar sus doctrinas krausistas a las aulas y a la organización universitaria. Entre otras medidas fomenta la libertad de cátedra, el intercambio de información entre las universidades españolas, el cuidado de la calidad externa e interna de las publicaciones

de la Central, o que el personal subalterno de las facultades (mozos, bedeles o conserjes) supiesen leer y escribir.

Y también abre las puertas de la Universidad a las mujeres. ¿Cómo lo hizo? Él, como rector, no podía cambiar la realidad del acceso libre femenino a las aulas, pero sí que las mujeres empezasen a participar de las enseñanzas que allí se impartían. Y así fue como Castro organizó las *Conferencias Dominicales sobre la Educación de la Mujer*, un ciclo de conferencias impartidas por él y por personalidades de su entorno como Rafael M.^a de Labra, Segismundo Moret, Emilio Castelar, Francisco Pi y Margall, José de Echegaray o Francisco Asenjo Barbieri, entre Febrero y Mayo de 1869, y que versaban sobre diferentes aspectos de la realidad femenina. A estas *Conferencias Dominicales* asistió un cierto número de mujeres, distinguidas, cultas, ansiosas de conocimiento, y entre ellas D.^a Concepción, quien las comentó con detalle e inteligencia y las recogió en su *La mujer del porvenir*. Entusiasta, Arenal afirmaba que «cuando en los siglos venideros escriba un filósofo de la historia del progreso en España, citará, acompañándola de reflexiones profundas, una fecha. El 21 de Febrero de 1869».

Conservamos el listado manuscrito original de las conferencias, que no parece que sea letra de Castro sino seguramente de alguno de sus ayudantes, así como varios ejemplares de las mismas, entre ellas de la 9^a Conferencia «Influencia de las Ciencias Económicas y Sociales en la Educación de la Mujer», de Gabriel Rodríguez.

El éxito de estas conferencias, que fue el acontecimiento cultural de Madrid en esos meses, animó a Castro y a sus colaboradores y amigos a crear algo más estable, más duradero a favor de la educación y formación de la mujer es nuestro país. Y así, en Diciembre


Además de los citados, se leyeron pocasas y otros trabajos en dichas conferencias, cuya Academia celebró el 23 de Abril de 1869 en el Senado una sesión literaria en honor de Cervantes.

N.º	Nombre	Fecha	Tema
1.º	D. José Echegaray	11. Abril 1869	Influencia del estudio de las ciencias físicas en la educación de la mujer.
2.º	D. Gabriel Rodríguez	18. Abril de 1869	Influencia de las ciencias económicas y sociales en la educación de la mujer.
3.º	D. Florencio Arce	25. Abril 1869	Algunas consideraciones preliminares sobre el matrimonio. Título: "La mujer y la mujer."
4.º	D. León Amador	2 de Mayo 1869	Influencia de la mujer en la religión en la constitución de la vida.
5.º	D. Tomás Capia	9 de Mayo 1869	Educación conyugal de la mujer.
6.º	D. Antonio M.º de Blán	16 de Mayo 1869	La posición de la mujer en la sociedad.
7.º	D. Juan R. y Argall	23 de Mayo 1869	La posición de la mujer.
8.º	D. Emilio Castelar	(debió celebrarse el 20 de Mayo 1869 y no se celebró)	La posición de la mujer.

Conferencias dominicales sobre la educación de la mujer en la Universidad de Madrid, en 1869.

N.º	Nombre	Fecha	Tema
1.º	D. Fernando de Castro	21 Febrero 1869	Discurso inaugural.
2.º	D. Joaquín M.º Lamoreaux	idem, idem, idem	Educación social de la mujer.
3.º	D. Juan de Dios	28 Febrero 1869	La educación de la mujer por la historia de otros países.
4.º	D. Juan de Paula Canale	7 Marzo 1869	La educación literaria de la mujer.
5.º	D. Fernando Garrido	14 Marzo 1869	De la influencia del cristianismo sobre la mujer. Se leyó un artículo titulado "Del lujo, la moral y la sociedad."
6.º	D. Rafael M.º de Laha	21 Marzo 1869	La mujer y la legislación en el siglo XIX. Se leyó un artículo titulado "El elemento de florecimiento de las mujeres."
7.º	D. Santiago Casas	28 Marzo 1869	La higiene de la mujer.
8.º	D. Segismundo Moré	idem, idem, idem	Influencia de la madre sobre la educación y profesión de la mujer.
9.º	D. Prudencio	4 Abril 1869	La educación y profesión de la mujer.
10.º	D. Antonio M.º de Blán	idem, idem, idem	Se tituló "Escuela de madres de familia."

Listado Manuscrito de las Conferencias Dominiales sobre la Educación de la Mujer (1869). Cortesía AHFFC.




Emisor morse (ca. 1880). / Repartidor de tinteros (ca. 1890). Cortesía AHFFC.

de ese año 69 Fernando de Castro pronunció en la Universidad Central el discurso de apertura de la Escuela de Institutrices, que era una de las pocas salidas profesionales de la mujer española de aquel momento. Al año siguiente (1870), coincidiendo con el examen en la Universidad Central de la 1.ª promoción de Institutrices, hecho que fue reseñado por Arenal en el Boletín Revista de la Universidad Central, Fernando de Castro crea la Asociación para la Enseñanza de la Mujer (AEM), que incluía esta Escuela de Institutrices y otras Escuelas que se crearán después del fallecimiento de Castro en 1874.

En los Estatutos de la AEM, en edición de 1889, se dice en su artº. 3 que la Asociación «Tiene por objeto contribuir al fomento de la educación e instrucción de la Mujer, y al mejoramiento de su condición individual y social en todas las esferas de la vida.» También presentamos un Programa o prospecto de los que cada año emitía la Asociación, con las enseñanzas impartidas en el curso 1881-1882. Aparecen la Escuela de Institutrices (1869), la Escuela de Comercio (1878) y la Escuela de Telegrafía (1881), con el claustro docente, los horarios y las matrículas, éstas bastante asequibles pues el profesorado, o bien no cobraba o apenas cobraba una gratificación. Éste fue el gran éxito de la Asociación: enseñanza de máxima calidad a precios muy reducidos.

La Asociación para la Enseñanza de la Mujer fue pionera en muchos aspectos relacionados con la educación de la mujer en España (novedades pedagógicas, planes de estudio, organización de las clases y los espacios, etc.). Entre estas aportaciones se encuentra la Escuela de Telegrafía, primera y durante mucho tiempo única en nuestro país. En 1880 la mujer pudo incorporarse al Cuerpo de Telégrafos, aunque en principio sólo las hermanas, hijas o esposas de telegrafistas masculinos y en tareas auxiliares. Rápidamente y atenta a cualquier resquicio profesional femenino, la AEM creó en su seno esta Escuela de Telegrafía en el curso 1881-1882, y en el 82-83 salió la 1.ª promoción de siete telegrafistas. En ella se enseñaban asignaturas como gramática, caligrafía, francés o telegrafía práctica. Como muestra un emisor morse de estas clases de telegrafía, así como un elemento curioso de material de las clases: un repartidor de tinteros. Éste es una estructura de madera donde se colocaban los tinteros de porcelana. Cada mañana una alumna se encargaba de rellenarlos de tinta y de repartirlos entre sus compañeras, que tomaban uno y lo colocaban en el orificio que había en los pupitres.

Desde los inicios de la AEM en 1870, que ya hemos cumplido 150 años, Concepción Arenal quiso colaborar en este ilusionante, pionero e innovador proyecto de Castro. Del



Recibo de Concepción Arenal como socia de la Escuela de Institutrices (1871). Cortesía AHFFC.

siguiente año 1871 conservamos en nuestros Archivos un recibo de D.ª Concepción como socia de la Asociación para el sostenimiento de la Escuela de Institutrices, que era el nombre primitivo de la AEM. Arenal pagaba una cuota de 4 reales mensuales y figuraba como residente en la calle Dos Amigos n.º 10, muy cerca de la Universidad Central de la calle de San Bernardo. Está firmado por autorización por Francisco Giner de los Ríos. También presentamos un listado impreso con los miembros de la Asociación en 1880 donde figura Concepción Arenal. La última noticia que encontramos en nuestros archivos de la pertenencia de D.ª Concepción a la AEM es del año 1887, estando entonces domiciliada en la plaza de Oriente n.º 8, y abonando la misma cuota mensual de 1 peseta.

Por eso, las relaciones de Arenal con la AEM no se limitaron al periodo en que Castro estaba vivo y la presidía, sino que después de su fallecimiento, con D. Manuel Ruiz de Quevedo en la presidencia, también siguió vinculada a este centro femenino de educación.

Castro y Arenal coincidieron en otra institución, el Ateneo Artístico y Literario de Señoras, entidad efímera pero de gran interés. Creado en Diciembre de 1868 por la escritora Faustina Sáez de Melgar, según el art. 1 de sus Estatutos era «...una asociación de enseñanza universal, artística, literaria, científica,

religiosa y recreativa que se propone instruir a la mujer en todos los ramos de una educación esmerada y superior, para que por sí misma pueda instruir y educar a sus hijos, haciéndolos buenos ciudadanos y excelentes padres de familia».

D.ª Concepción fue una de sus directivas mientras que el rector Castro le brindó su apoyo y pronunció las conferencias de apertura y clausura del 1er. curso 1868-69.

También unieron sus nombres en la revista de beneficencia por excelencia: «La voz de la Caridad». Esta publicación quincenal fue creada por Arenal en Marzo de 1870 y publicó su último número en Febrero de 1884. Dirigida por Antonio Guerola, D.ª Concepción publicó varios centenares de artículos sobre pauperismo, mujeres, esclavos, alcoholismo, situación de los presos, mundo obrero, viviendas sociales, etc. Cuando fallece Castro, en Mayo de 1874, en el número 101 de la revista agradece la ayuda inicial proporcionada por su amiga la condesa de Mina y camarera mayor de Isabel II D.ª Juana de Vega «...y el Sr. D. Fernando de Castro, que acaba de morir. La Voz de la Caridad le debe un recuerdo de gratitud como a uno de sus fundadores y como a quien ha cooperado eficazmente a cuantas obras buenas ha intentado o podía realizar».

Probablemente el objeto más valioso históricamente hablando, que en este sentido poseemos es el Testamento y Memoria Testamentaria del Sr. D. Fernando de Castro. Este documento fue otorgado ante el notario del Colegio de Madrid D. Román Gil y Masegosa el 1º de Mayo de 1874, estando en cama y enfermo en su casa de la calle Leganitos, 33. Comienza revocando el testamento que hizo el 30 de Mayo de 1857, añade que tan válido es el Testamento como la Memoria Testamentaria, nombra también a sus albaceas (Jerónimo Antón Ramírez, Cipriano de Rivas, Manuel Ruiz de Quevedo, Nicolás Salmerón, Juan Uña, Francisco Giner de los Ríos, José Fernando González, Manuel Sales y Ferré y Gumersindo de Azcárate) y exhorta a que todo ello se cumpla fielmente.

La Memoria Testamentaria es la parte filosófica, la parte espiritual. Fernando de Castro hace manifestación de su claro y sincero

cristianismo y de su alejamiento final de la Iglesia. Si fue un sincero y ortodoxo capellán católico cuando desempeñó este cargo junto a S.M. D.ª Isabel II, al final de su vida Castro había apostado por una nueva Iglesia Universal. Tras muchas dudas, crisis de fe y atormentadores problemas espirituales, Castro hacía bandera de esta nueva Iglesia Universal que defendiese la pureza del cristianismo evangélico de las primeras épocas, y que rechazase todo el romanismo, la aparatosisidad oficial y las prácticas sólo exteriores de la Iglesia de Roma.

Castro, enterrado en el Cementerio Civil de Madrid, había pedido que el acto se llevase a cabo sin acompañamiento del clero, ni misas ni ceremonias, que su féretro fuese portado por mozos de la Universidad, y que sus albaceas y amigos leyesen el Sermón de la Montaña y la Parábola del Buen Samaritano, así como los Mandamientos de la Humanidad de su maestro Sanz del Río.

Por su parte el Testamento es la parte material, lo que deja Fernando de Castro en función de sus vinculaciones personales. A unas cuantas personas, sobre todo de su entorno familiar y doméstico, les dejó dinero en efectivo, muebles y enseres. Estableció también ayudas económicas sin detallar para alguna familia pobre de su natal Sahagún, a frailes franciscanos exclaustrosados en memoria y recuerdo de su propio pasado, así como a entidades presididas por él en ese momento, en especial la AEM.

Los libros de su biblioteca fueron repartidos entre sus albaceas, la Biblioteca del Seminario de León, la Biblioteca Provincial también de León y la Biblioteca de la Universidad Central, mientras que los derechos de autor de sus obras los legó a sus albaceas Uña, Giner y Sales. Creó dos premios en metálico a entregar cada cinco años a obras inéditas sobre temas históricos. Mención especial tuvo en recuerdo a la reina Isabel II dejándole ejemplares de alguna de sus obras «...en agradecimiento de haber sido su Capellán de Honor y de haberla servido con celo y lealtad». Sus albaceas decidieron qué obras en concreto se le entregaría a la exiliada reina, esmeradamente encuadernadas y con las iniciales de la monarca. Esto desmiente la falsa

creencia que circuló mucho tiempo sobre las malas relaciones entre D. Fernando y D.ª Isabel. A pesar de la abismal diferencia de caracteres, comportamientos públicos y privados, y formación cultural, la bondad natural y el buen corazón de ambos les unió a pesar de las circunstancias políticas e históricas de la época.

Algunos objetos de especial valor sentimental también los repartió: a Nicolás Salmerón la pluma de oro que le entregó el Ayuntamiento de Bilbao, a Jerónimo Antón Ramírez un reloj y a su esposa un crucifijo.

En la página 7v de este Testamento podemos leer con emoción «sea de mis libros, sea de mis enseres y muebles, mis testamentarios elegirán algo que convenga a la señora D.ª Concepción Arenal como respeto a su talento y sentimientos caritativos y humanitarios, y en memoria de amistad». Castro quería que algo que había sido de su uso personal también fuese utilizado por su gran amiga, algo de valor sentimental y no tanto material. D. Fernando confiaba en que sus albaceas hiciesen una acertada elección. Y así fue.

Para la gestión de la Testamentaria de Fernando de Castro, los albaceas se reunían de forma periódica y dar así cumplimiento a la voluntad del finado. Los acuerdos de esas juntas eran recogidos en un Libro de Actas. En la Junta del 12 de Mayo de 1874 dichos albaceas detallan en concreto qué se iba a entregar a Arenal. Y así deciden ofrecer a D.ª Concepción «...la cartera de la mesa, el sello de ébano, la papelera de caoba, todo de uso de D. Fernando, y una medalla de bronce grabada por Pescador, que contiene el busto de D. Salustiano de Olózaga».

Poco después, en la Junta del 24 de Mayo se informa que se ha hecho entrega a Arenal de tales objetos, y en la del 5 de Julio el secretario Juan Uña, dio «lectura a la carta de D.ª Concepción acusando recibo de los objetos legados por el testador».

De la cartera, el sello y la papelera no tenemos más noticias pues esta descripción es muy vaga. Pero afortunadamente de la medalla sí podemos concretar algo más. Se trata de un ejemplar en bronce de 55 gr de peso y 45 mm de diámetro acuñado en 1868. Fue diseñada esta medalla por el escultor y grabador Eduardo

Fernández Pescador (1836-1872), autor académico de prestigio en la época y responsable de otras medallas dedicadas a Isabel II, Martínez de la Rosa o José de Madrazo.


Presenta en anverso el busto del prócer liberal a la derecha, la leyenda SALUSTIANO DE OLOZAGA y en la parte inferior el nombre del artista FERNANDEZ. En el reverso una corona de hojas de roble y en su interior la leyenda NACIO EN OYON RIOJA ALAVESA VIII JUNIO MDCCCV.

Y es que las relaciones entre Olózaga y D.^a Concepción fueron estrechas y prolongadas en el tiempo. Les unían sus ideales comunes de liberalismo y no tanto su militancia política, nula en la ferrolana y absoluta en el alavés. No hay que olvidar que siendo Salustiano de Olózaga presidente de la Sociedad Abolicionista Española en 1866 (Fernando de Castro lo fue entre 1870 y 1874), Arenal había ganado un premio literario convocado por ésta con el poema *Oda a la esclavitud*. De igual manera el político liberal había elogiado amplia y sinceramente obras de Concepción Arenal, como *Beneficencia, filantropía y caridad* (1861) o *Manual del visitador del pobre* (1866).

Muy curiosamente y en paralelo, cuando Olózaga fallece en París en 1873 encarga a sus albaceas que repartan alguna de sus pertenencias entre personas de su aprecio, entre ellas sus viejas amigas la condesa de Mina y Concepción Arenal.

Y por último, pero no por ello menos importante, queremos presentar un retrato de Fernando de Castro y Pajares (1814-1874). Se trata de un óleo sobre lienzo pintado en 1881 por Adela Ginés y Ortiz (1845-1918). La obra se encuentra en la Sala de Presidentes de nuestra Fundación. Lo cierto es que, sin duda debido a su carácter modesto, de D. Fernando no se conservan demasiadas imágenes. Nosotros poseemos un busto de escayola, también de Adela Ginés, otro lienzo cuyo autor es Díez, así como dos fotografías del estudio donostiarra de Valentín Marín.

La autora, Adela Ginés, es un claro ejemplo de la política que siguió siempre la AEM. Y es que algunas de las antiguas alumnas, las mejores y más comprometidas con los ideales de Castro, podían entrar a formar parte




Libro de Actas de la Testamentaría de Fernando de Castro (1874-1888). Cortesía AHFFC.

del claustro de profesorado. Adela obtuvo el título de institutriz en 1875, en una de las primeras promociones, y entre 1881-1901 y 1908-1911 ejerció en la Asociación el puesto de profesora de pintura, dibujo y modelado al yeso. También había sido profesora en esas mismas asignaturas en la Escuela de Artes y Oficios y en la Escuela Normal Central de Maestras. De igual manera, allí había obtenido varios premios en pintura y escultura en las exposiciones Nacionales de Bellas Artes.

A través de este recorrido por objetos y documentos de los fondos de la Fundación Fernando de Castro-AEM, que parecen fríos y sin alma, podemos observar que son sin embargo el fiel reflejo de una amistad sincera, estrecha y profunda, de gran admiración mutua pero sin grandes manifestaciones, conocido el carácter de ambos, pero tan entrañable como firme. Creemos que es la forma más gráfica, más visual y más atractiva para hacer el relato histórico sobre las relaciones entre D.^a Concepción Arenal y D. Fernando de Castro.

BIBLIOGRAFÍA

Archivo Histórico da Fundación Fernando de Castro — Asociación para la Enseñanza de la Mujer.



Conferencia Dominial 9ª «Influencia de las ciencias económicas y sociales en la educación de la mujer» por Gabriel Rodríguez (1869). Cortesía AHFFC.